



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Información pública cesión gratuíta dunha parcela a favor de SOGAMA

ANUNCIO

INFORMACIÓN PÚBLICA

CESIÓN GRATUITA DUNHA PARCELA A FAVOR DE SOGAMA

SOGAMA, empresa pública autonómica, creada no ano 1992 polo Decreto 111/1992 da Xunta de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, sendo unha sociedade instrumental operativa ao servizo da política ambiental de Galicia e ao servizo do Goberno da Xunta de Galicia en xeral, para desenvolver as obras de “Ampliación dunha Planta de Transferencia de Residuos Sólidos Urbanos”, tanto as obras como a actividade que se pretende desenvolver no Parque Empresarial de Tella, onde hoxe está o Punto Limpo municipal e planta de transferencia, e a cal consta no Inventario Municipal de Bens coa seguinte inscrición: “Referencia catastral 15069A174020240000LQ, número 1INM06800031, denominada “Punto Limpo Pol. Ind de Tella”, cunha superficie de 5030 m², na cal existe unha superficie construída de 345 m², valor catastral de 18.866,70 € en 2019, adquirida no ano de 2003, por “compravenda; Participación título: 100; Documento: Compravenda; Protocolo: 456, data: 04/04/2003, Notario: Malo Cantarino Pascual”, Natureza: Rústica e Natureza do dominio: Dominio público, Servizo Público”.

A cesión gratuíta levarase a cabo como mutación demanial, prevista nos artigos 23, 24 e 25 da Lei 5/2011, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 71 e 72 da Lei 33/2003 do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

A tramitación do expediente levarase a cabo, por analoxía, ao carecer de previsións en canto á cesión de bens de carácter demanial na referida normativa de aplicación, e ao non estar previsto procedemento tanto a Lei 5/2011 como na Lei 33/2003, segundo o establecido no artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por R.D. 1372/1986 do 13 de xuño.

En cumprimento do establecido no artigo 110.1.f) do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, durante os cales os interesados terán ao seu dispor o expediente na sede electrónica municipal (https://sede.ponteceso.gal/sxc/gl/portal_transparencia) e na secretaría do concello, e poderán presentar as reclamacións e/ou suxerencias que estimen oportunas.

Ponteceso, 24 de febreiro de 2023

O alcalde

Xosé Lois García Carballido

2023/1364